


## A programación das Radios Municipais Galegas

Praza do Concello s/n 15500 Fene (A Coruña) Galiza Tfno. 981 492 773 - Fax 981 492 772

### Para que e para quen escriben os autores e autoras galegos?

O Congreso de Escritoras e Escritores da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que terá lugar mañá sábado 26 de setembro no Pazo da Cultura do Concello de Pontevedra, chega á súa sexta edición cun novo formato que permitirá debater sobre os temas que a base asociativa da AELG escolleu nun proceso aberto de

consultas, como máis determinantes no sistema literario na actualidade, e que se resumen no lema *Para que(n) escribimos o futuro*. Así, conformáronse tres parellas de grupos de traballo que se desenvolverán simultaneamente e nos que se reparten os **50 autores** que asistirán ao Congreso. Os grupos de traballo contan con cadansúa persoa coordinadora, que xa estableceu contactos previos cos autores e autoras que asistirán a cada un deles para conseguir, deste modo, que as conclusións se vexan enriquecidas cun amplo tempo de reflexión.



**Cultura** 25/09/2015 • Autor: Redacción

Entre as 18.00 e as 19.30, xa no Salón de actos todas as persoas participantes se reunirán nunha sesión conxunta de todos os grupos de traballo, ocasión que se aproveitará para a preestrea da nova web da AELG. Ás 19.30, convócase Rolda de prensa no Seminario 3, na que o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, e mais Mercedes Queixas Zas como secretaria xeral da AELG e coordinadora xeral do congreso, farán públicas as conclusións do mesmo. Finalmente, ás 20.00, e nun acto aberto ao público no Salón de Actos do Pazo da Cultura, terá lugar a actuación do quinteto Xardín desordenado, que fará un repaso de toda a súa discografía.